

Expediente	2025046688
Asunto	Solicitud de acceso a afeccións parcela
Trámite	Resolución presidencial de inadmisión

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Que Don B***** V***** P***** presentou unha solicitude de acceso a información pública co seguinte alcance: "Con la finalidad de poder realizar y presentar una subsanación de discrepancias en Catastro solicito por favor que me faciliten las coordenadas de la vía EP-9205 a su paso por las parcelas con referencia catastral 7777811NG1977N0001YB, 7777809NG1977N0001GB y 7777810NG1977N0001BB situadas en el ayuntamiento de Meaño. Muchas gracias."

Analizado o contido da solicitude por parte da Unidade Responsable de Transparencia esta púxose en contacto co Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que informa que existe un procedemento específico dispoñible na sede electrónica da Deputación: "1639079 Solicitud de actuación nas zonas de influencia das estradas provinciais e autoliquidación das taxas".

Que a información que se solicita enmárcase no alcance da actuación "Plano xeorreferenciado de deslinde dunha parcela con vías provinciais" suxeita ao pagamento dunha taxa e pola actividade provincial, técnica e administrativa, segundo o previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais (BOPPO número 57 do 23 de marzo de 2022).

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2025000361, do 20 de xaneiro de 2025, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- INADMITIR a solicitude de acceso a información pública presentada por Don Bieito Vilar Pazos, segundo o previsto no artigo 18.1.c) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia, debendo formalizar a súa solicitude a través do modelo normalizado indicado no corpo desta resolución previo pago da correspondente taxa.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 14/08/2025 15:02

*Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

Firmado por: LUIS FEIJOO GARCÍA - ***1268**
Cargo: Asesor xurídico de Administración Electrónica, Transparencia e Protección de Datos
Data: 13/08/2025 18:13

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - ***7731**
Cargo: Secretario Accidental
Data: 18/08/2025 09:14
Número Resolución RP2025006827